



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

ANEXO ao BOLETÍN Nº 75

OUTONO 2005

Editado 17/10/05

INFORMACIÓN XERAL DO CLUB

REVISTA, BOLETÍN ESPECIAL

Co gallo do noso boletín informativo nº 75, decidimos realizar unha edición especial, formato **revista en cor**, na que estamos a traballar pero que polas súas características require un traballo máis elaborado que suporá que a data de publicación vaise atrasar respecto do habitual, polo que adiantamos a información xeral do Club, a axenda e o calendario de actividades ata fin de ano.

NOVAS da XUNTA DIRECTIVA

Divídese a Sección Infantil-Xuvenil, quedando a **Sección Infantil** (de 8 ata 12-14 anos) con Sechu como o seu responsable temporal ata o nomeamento do seu Vogal e a **Sección Xuventude** (de 12-14 ata 18 anos), sendo nomeado Francisco Escrich como Vogal desta sección. Os mozos e mozas de 12 ata os 14 anos poden asistir, en principio, ás actividades das dúas seccións.

Por outra banda e como resultado da renuncia de Pilar Orche como Vogal da Sección de Actividades Subacuáticas (por traslado de residencia a Sevilla), asume a responsabilidade deste sección Fernando Fernández (Vicepresidente do Club), de forma temporal.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Club Montañeiros Celtas non facilita datos persoais dos seus socios, por decisión adoptada en reunión da súa Xunta Directiva ao abeiro da Lei sobre **Protección de Datos de Carácter Persoal**.

Novo nº de FAX

O novo número de Fax do Club é **986 912 220**, sendo o nº habitual do Club o 986 438 505 reservado só para o teléfono.

IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA

Por cuarto ano consecutivo convocamos unha nova edición do **Concurso de Fotografía de Montaña “Montañeiros Celtas”** que nesta edición esta dedicado á Familia Suárez Alonso.

Neste envío inclúese o boletín de inscrición e o folleto publicitario deste Concurso, que xa foi enviado a todos os Clubs de Montañismo e de Espeleoloxía de España, ademais dos participantes nas edicións anteriores. O Concurso tamén será difundido a través de Internet e de revistas especializadas.

Lembrar que o prazo de presentación de fotografías finaliza o día 25 de novembro.

Animádevos a participar, hai numerosos premios: sete que concede o Xurado, o Premio do Público e tamén á Mellor Foto de Socio.

A ZARROTA

Estamos preparando coa **Asociación Micolóxica A Zarrota**, un convenio de colaboración que inclúe o uso do noso local social para as súas reunións e actividades, ao fin de establecelo como a súa sede. Actualmente a cesión do noso local xa foi aprobada pola Xunta Directiva do noso Club, polo que A Zarrota abre as súas portas en Montañeiros Celtas nunhas xornadas denominadas **“Luns Micolóxicos”** os luns de outubro, novembro e decembro, de 20:00 h ata as 21:30 horas, ás que poden asistir calquera persoa.

MAGOSTO

O MAGOSTO SOCIAL será no MONTE ALOIA 12-13 de novembro

A próxima festa será o tradicional magosto no Aloia, o sábado 12 de novembro pola tarde xa estaremos no noso “chalet” para preparar as castañas e o viño para a velada.

Espero que este ano vos animedes para quedar a durmir... O domingo pola mañá todo o mundo a xogar, xogos tradicionais como a petanca, ra, pateiro e quizais este ano un xogo moi participativo o “pachibolo”, unha clase

de voleibol onde se colle a pelota.

Como cociñeiro maior teremos a sorte de repetir, Toni Suárez ofrécese de novo a remangarse detrás das potas. Tamén repetiremos o menú que tivo tanta aceptación o ano pasado: caldo galego, carne guisada con vexetais, roscón, pan, viño, café, ... todo por 6€, os nenos 4€. Por favor apuntádevos na oficina. Animádevos a vir de calquera xeito, andando, en bici, en coche, para un día, para dous, ou para un rato, xantaremos castañas e

gozaremos desta festa tradicional en Galicia e... no noso Club.

F.F.



AXENDA

- Venres, 21 outubro "Eslovenia, a xoia verde de Europa", por Carlos Garrido, Adolfo Puch e Sechu López. Proxección de diapositivas. No Club ás 20.30 horas.
- Venres, 4 novembro "Plantación de landras", pola Sección de Cultura e Medio Ambiente. No Club a partires das 20:30 horas.
- Venres, 11 novembro "Actividades da Sección de Escalada", pola Sección de Escalada. Proxección dixital. No Club ás 20:30 horas.
- Venres, 18 novembro "Actividades da Sección de Espeleoloxía", pola Sección de Espeleoloxía. Proxección dixital. No Club ás 20:30 horas.
- Venres, 25 novembro "Carcamáns", pola Sección de Cultura e Medio Ambiente. Proxección de vídeo dixital que recolle a histórica loita contra o chapapote do Prestige. No Club ás 20:45 horas.
- Venres, 2 decembro "Montañas seguras", por David Jambrina. Consellos e conclusións do curso internacional sobre actitudes seguras na montaña. No Club ás 20:30 horas.
- Venres, 16 decembro "Inauguración da Exposición e entrega de premios do IV Concurso de Fotografía de Montaña" e "homenaxe á Familia Suárez Alonso". Na Casa do Libro, rúa Velázquez Moreno 27 - Vigo, ás 19:30 horas.
- Venres, 16 decembro "Festa Fin de Temporada". No Club a partires das 21:00 horas.
- Mércores, 21 decembro "Festa Infantil de Nadal". No Club de 18:00 a 20:00 horas.

MONTAÑEIROS CELTAS - CALENDARIO ACTIVIDADES outubro - decembro 2005

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
O U T U B O	21	Local Social	Proxección diapos: "Eslovenia, a xoia verde de Europa"	S. Actividades Sociais
	22-23	As Nogais	Campamento Social Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	23	Ría de Arousa	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	23	Pontesampaio	Sendeiro tranquilo. PRG 48 Entre Rías	S.D. Sendeirismo
	29-30-31-1	Castro Urdiales (Cantabria)	VI Campamento Galego Extraterritorial de Espeleoloxía	FGE - C. Alpino Ourense
	29-30-31-1	Neila (Burgos)	Canón Río Lobos - Picos de Urbión	S.D. Montañismo
N O V E M B R O	4	Local Social	Plantación de landras	S. Cultura e Medio Ambiente
	5-6	Castrolobreiro	Camiños Transfronteirizos: Castrolobreiro-Pena Anamao-Entrimo	S.D. Sendeirismo
	6	Donón	Escalada deportiva no Facho	S.D. Escalada
	11	Local Social	Proxección dixital: Actividades da Sección de Escalada	S.D. Escalada
	12-13	Monte Aloia	Magosto Social	S. Actividades Sociais
	13		Galiñeiro	S.D. Bici de Montaña
	18	Local Social	Proxección dixital: Actividades da Sección de Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	19-20	Trevinca	Marcha Infantil de Outono	S. Infantil
	19-20	Trevinca	Travesía Xuvenil de Alta Montaña	S. Xuventude
	19-20	A Gudiña	O Camiño de Santiago, Vía da Prata. Etapa III: A Gudiña - Laza	S.D. Sendeirismo
	20	Barciadamera	Marcha de Outono - Maiores	S.D. Montañismo
	25	Local Social	Proxección vídeo dixital: "Carcamáns"	S. Cultura e Medio Ambiente
26-27		Xuntanza Técnica	FGE - EGE	
27	Baiona	Sendeiro tranquilo. GR-58 Sendeiro Greas: Baiona-Cabo Silleiro	S.D. Sendeirismo	
D E C E M B R	2	Local Social	Charla: "Montañas seguras"	S. Actividades Sociais
	3-4	Pobla de Trives	Camiño Romano. Vía Nova XVIII. "O CODO"	S.D. Sendeirismo
	3-4-5-6-7-8	Granada	Sierra Nevada	S.D. Montañismo
	11	Ribeira Sacra	Sendeiro tranquilo. PRG 4 Camiño Real. San Pedro de Rocas	S.D. Sendeirismo
	16	Casa do Libro	IV Concurso Foto. Exposición, entrega premios e homenaxe	S. Cultura e Medio Ambiente
	16	Local Social	Festa Fin Temporada	S. Actividades Sociais
21	Local Social	Festa Infantil Fin Temporada	S. Infantil	

Actividades: Resáltanse en negrita as organizadas por Club Montañeiros Celtas. Infantís: de 8 a 12-14 anos. Xuvenís: de 12-14 a 18 anos.
Lugares, datas e actividades poden sufrir modificacións.

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS www.celtas.net

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 w Fax: 986 912 220

w Correo electrónico: info@celtas.net

HORARIO

MARTES A VENRES

De 19.00 a 21.30 horas